

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes a dita Diocese.

Con esta actuación a Axencia Turismo de Galicia financiará os gastos do persoal necesario para a apertura, vixilancia e peche destas igrexas, así como contribuír os gastos necesarios de mantemento como auga, luz, limpeza e calefacción.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.





Segundo.- Que unha das formas de promoción do Camiño e a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela, agora que a afluencia de peregrinos é superior no verán e moito mais no Camiño Francés, así como noutros camiños que están a adquirir un gran pulo como o Camiño Portugués.

Terceiro.- O Arcebispado de Santiago é o titular das igrexas cuxa apertura aos peregrinos é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio.

Cuarto. A través deste convenio, outórgase ao Arcebispado de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

